



ANUNCIO

ASUNTO: BASES PARA A SELECCIÓN DE UN PEÓN ESPECIALISTA FORESTAL (APROL RURAL 2021)

EXPEDIENTE TEDEC: 2021/E001/000011

Por Resolución de Alcaldía núm. 710/2021, do 08/07/2021, aprobáronse as bases para a selección dun peón especialista forestal (APROL RURAL 2021), que se transcriben a continuación:

BASES PARA A SELECCIÓN DE UN PEÓN ESPECIALISTA FORESTAL (APROL RURAL 2021)

Primeira.- Obxecto.

É obxecto das presentes bases a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a contratación dun peón especialista forestal. Esta contratación está subvencionada ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73, 20/04/2021). Na Resolución de Concesión, con data do 30/06/2020, consta a concesión dunha axuda de 13.750,00 euros para a contratación dun peón especialista forestal por 9 meses a xornada completa.

Segunda.- Requisitos das persoas aspirantes.

Requisitos de carácter xeral:

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación. Os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Requisitos de carácter específico:

- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.
- Figurar como persoa candidata na listaxe remitida pola Oficina de Emprego de Cee como resposta á oferta de emprego do Concello de Vimianzo para esta selección.
- Estar en posesión de permiso de conducir B.
- Non ter sido contratada por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas



traballadoras desempregadas.

Terceira.- Funcións dos postos.

A función principal é levar a cabo tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa.

Tipos de tarefas nas que colaborarán estas persoas operarias seguindo as instrucións do servizo:

- Realización de actividades auxiliares de repoboación, corrección hidrolóxica e de construción e mantemento de infraestruturas forestais.
- Realización de actividades auxiliares en tratamentos silvícolas.
- Realización de actividades auxiliares de limpeza de camiños forestais e o seu mantemento.
- Realización de actividades auxiliares de retirada e tratamento da biomasa.
- Realización de actividades auxiliares no control de axentes causantes de pragas e enfermidades ás plantas forestais e outras pragas coma a da velutina.

Cuarta.- Tipo e duración do contrato. Remuneracións

Tipo de contrato: Contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social

Duración: 9 meses

Xornada: completa

Grupo de cotización: 8

Salario bruto mensual coa paga extra prorrateada: 1.212,30 €

Horario: de 8:00 a 13:00 e de 15:00 a 18:00 ou o que se estableza para o servizo

Quinta.- Admisión de aspirantes e presentación de solicitudes

O artigo 14 da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73, 20/04/2021), regula os requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras.

O Concello de Vimianzo presenta unha Oferta de Emprego ante a Oficina de Emprego de Cee. Desde alí realizan unha selección tendo en cota os requirimentos da Orde e remiten unha listaxe ao concello. Eles son responsables de convocar ás persoas candidatas para a realización da entrevista inicial e participar no proceso de selección que se recolle nestas bases.

As persoas interesadas que figuren na listaxe elaborada pola Oficina de Emprego deberán cubrir a solicitude que figura no Anexo e as que non estean interesadas deberán comunicarllo á Oficina de Emprego de Cee.

O prazo para a presentación das solicitudes remata o día 16 de xuño de 2021. Este prazo poderá ser ampliado no caso de que houbera incidencias nas comunicacións que realiza a Oficina de Emprego de Cee ás persoas interesadas.

Para presentar a súa solicitude deberán encher o modelo normalizado que figura no Anexo e acompañalo da copia ou orixinal da seguinte documentación:

- DNI en vigor
- Permiso de conducir B en vigor
- Tarxeta de demandante de emprego
- Celga 2 ou equivalente se o tivera
- Documentación relativa aos méritos

Sexta.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará a Resolución pola que se declara aprobada a listaxe de persoas admitidas e excluídas.

Será publicado un anuncio relativo ao contido da dita Resolución no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Vimianzo (<https://sede.vimianzo.gal/>).



Sétima.- Comisión avaliadora.

A comisión avaliadora estará composta polas seguintes persoas:

- 1) Rosa María Sánchez Martínez, técnica de Desenvolvemento Local
- 2) Evaristo Suárez Corzón, técnico de Desenvolvemento Rural
- 3) Lorena Cernadas Soto, técnica auxiliar informática

Oitava.- Proceso selectivo.

Efectuarase mediante concurso-oposición.

Fase de concurso (ata 3 puntos)

- 1) Valoración da formación, ata un máximo de 2 puntos:
 - Por estar en posesión de Celga 2 outorgarase 1 punto.
 - Por estar en posesión de titulación acreditativa de haber participado en accións formativas relacionadas coa Prevención de Riscos Laborais: 1 punto.
- 2) Valoración da experiencia, outorgarase 1 punto se acredita con currículo do SPEG, Informe de Vida Laboral e contrato, nómina ou certificado de empresa haber realizado tarefas relacionadas co posto.

Fase de oposición (ata 7 puntos)

Esta fase realizarase a través dunha entrevista e/ou proba práctica encamiñada a avaliar os coñecementos e habilidades das persoas aspirantes para o posto. Os temas sobre os que versará a entrevista son os seguintes:

- Coñecemento das tipoloxías de traballos forestais e silvícolas.
- Coñecemento do uso de maquinaria (desbrozadora, motoserra) e ferramentas para a realización de traballos forestais.
- Coñecemento da xeografía do municipio de Vimianzo.
- Coñecemento de medidas de Prevención de Riscos Laborais en traballos silvícolas.

No caso de empate, darase prioridade aos colectivos preferentes segundo indica o artigo 14.5 da Orde do 12 de abril de 2021.

Os/as aspirantes deberán presentarse provistos do DNI e mascarilla.

Novena.- Resolución do proceso

Rematado o proceso, a Comisión Avaliadora elaborará unha lista cos candidatos clasificados de maior a menor puntuación e elvará á Alcaldía a proposta para a contratación.

A persoa a contratar será requirida (por teléfono, ou envío de SMS, ou correo electrónico, ou notificación) e se non se presentara en 2 días naturais contados a partir dese requirimento, convocarase á seguinte persoa da relación.

Para a contratación deberá achegar, de non tela presentado con anterioridade, a seguinte documentación:

1. DNI en vigor
2. Permiso de conducir en vigor
3. Informe médico ou Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira co compromiso de realizar o recoñecemento médico da mutua da empresa.
4. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social ou documento oficial que acredite o número de afiliación Seguridade Social.
6. Número de conta bancaria.



7. Enderezo de correo electrónico a efectos de envío da nómina.

Décima.- Impugnacións e reclamacións

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas, poderán ser impugnados polos interesados na forma legalmente prevista. A Comisión Avaliadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se puidesen presentar ou tomar os acordos necesarios referidos á baremación, a realización da entrevista e outros aspectos do proceso selectivo. Para o non previsto nestas bases rexerán como supletorias a lexislación básica do Estado na materia e a correspondente lexislación da Comunidade Autónoma de Galiza e demais disposicións obrigatorias.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO DE SELECCIÓN DUN PEON ESPECIALISTA FORESTAL (APROL RURAL 2021)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
ENDEREZO	MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO

- 1) Que recibín comunicación da OFICINA DE EMPREGO DE CEE para participar no proceso de selección que figura no encabezado E que acepto as bases para a selección.
- 2) Que cumpro os requisitos para ser contratado/a relacionado nas bases.
- 3) Que autorizo o uso dos datos que facilito a efectos de levar a cabo as tramitacións e comunicacións relativas ao proceso selectivo e contratación.
- 4) Que adxunto a documentación relativa aos requisitos e á miña formación, experiencia laboral (Informe de Vida Laboral) e circunstancias sociolaborais que se relacionan no artigo 14.5 da Orde do 12 de abril de 2021.

Por todo o anterior, SOLICITO

A Vde., teña por presentada a miña candidatura para participar no proceso de selección que figura no encabezado.

Vimianzo, de xullo de 2021

Asdo.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VIMIANZO



DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑO:

- DNI EN VIGOR
- PERMISO DE CONDUCIR B EN VIGOR
- DOCUMENTACIÓN SOBRE ACCIÓNS FORMATIVAS:
 - o Celga 2
 - o P.R.L.
- INFORME DE VIDA LABORAL
- CONTRATOS, NÓMINAS E OUTROS DOCUMENTOS RELATIVOS Á EXPERIENCIA LABORAL
 - o
 - o
 - o
- DOCUMENTACIÓN RELATIVA ÁS CIRCUNSTANCIAS SOCIOFAMILIARES
 - o
 - o
 - o

En Vimianzo, 9 de xullo de 2021

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado dixitalmente)